

## MATERIAIS, RECURSOS E METODOLOXÍAS DIDÁCTICAS NA AULA DE MATEMÁTICAS

**FORTES NOVOA, ALBERTO**

*IES A Pastoriza*

A utilización de materiais e recursos didácticos non é suficiente para producir unha verdadeira innovación. Por iso é necesario utilizar unha metodoloxía diferente na que incorporar os materiais e recursos, sendo o alumnado o creador do seu propio coñecemento. Isto permitirá que o alumnado teña maior interese pola materia e polos conceptos a desenvolver, sendo os contidos traballados desde unha perspectiva cercana a realidade e a través dun proceso no que eles poden manipular e percibir as pezas xeométricas.

Buscase un novo plantexamento metodolóxico, no que o alumnado sexa o que realmente dirixa o seu propio coñecemento a través das diferentes actividades que se farán na aula. As actividades incorporan os diferentes materiais e recursos, buscando que o alumnado unicamente se limite a copiar e memorizar, senón que sexa a través dunha interacción maior cos materiais, para favorecer a comprensión dos conceptos e poder alcanzar unha aprendizaxe significativa.

Nesta comunicación mostraranse diferentes materiais, recursos e metodoloxías que se utilizan dentro da aula de matemáticas para buscar que o alumando sexa o elemento central da aprendizaxe, como son algúns dos seguintes:

- Xeoplano
- Tensegridade
- Tangram
- Cúpula xeodésica
- Inchable
- Omnipoliedro
- Papiroflexia
- Construción de envolventes con rectas
- Fotografía matemática
- Xogos de mesa
- Woolpi 3.0
- Podcast de mulleres científicas
- Árbore fractal (pirámides de Sierpinski)
- Traballo por proxectos